



MEMORIA DE ACTIVIDADES 2025

DOWN
Galicia



FEDERACIÓN DOWN GALICIA

Declarada de Utilidade Pública polo Ministerio del Interior:
Orde INT/2958/2006, do 12 de setembro
(BOE nº 232 do 28 de setembro de 2006)

Rúa Alejandro Novo González, nº1
15706 · Santiago de Compostela · Galicia



ÍNDICE

1. Datos da Federación	4
1.1. Identificación.....	4
1.2. Datos de contacto e redes sociais.....	4
1.3. Órganos de goberno e estrutura	5
1.4. Historia	6
1.5. Traballo en rede.....	12
1.6. Premios e recoñecementos.....	15
1.7. Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS).....	18
2. Fins estatutarios	19
2.1. Misión.....	19
2.2. Obxectivos	19
2.3. Principios	21
2.4. Valores.....	21
3. Número de socios e socias	22
4. Actividades, persoas beneficiarias e resultados	23
4.1. Servizo para a Promoción da Autonomía Persoal (SEPAP).....	23
4.2. Áreas de actuación	23
4.2.1. Área de Atención Temperá	26
4.2.2. Área de Inclusión Educativa	27
4.2.3. Área de Formación e Emprego	30
4.2.4. Área de Vida Adulta e Independente.....	40
4.2.5. Área Complementaria.....	45
4.3.6. Área Transversal	49
4.3. Satisfacción dos servizos.....	67
4.4. Recursos humanos.....	68
4.5. Custe e financiación.....	69
4.6. Persoas beneficiarias	71
4.7. Resultados obtidos.....	75
5. Medios da Federación	80
5.1. Medios persoais.....	80
5.2. Medios materiais	80
5.3. Subvencións públicas.....	82
5.4. Axudas privadas	87
6. Retribucións da Xunta Directiva	88
7. Organización de centros, servizos e funcións	89
8. Entidades financiadoras	90

1. DATOS DA FEDERACIÓN

1.1. IDENTIFICACIÓN

Denominación

Federación Down Galicia

Réxime Jurídico

Lei de Asociacións Lei Orgánica 1/2002 de 22 de marzo

Rexistro de Asociacións

- Rexistro Central de Asociacións. Consellería de Xustiza, Interior e Relacións laborais (Xunta de Galicia)
- Número de Inscripción no Rexistro correspondente: 1998/000003-2 (SC)
- Data de Inscripción: 2 de xuño de 1998
- CIF: G-15665144
- Ámbito de actuación: Comunidade Autónoma de Galicia.

Rexistro noutros rexistros públicos

- Rexistro de entidades prestadoras de servizos sociais da Consellería de Servizos Sociais; Nº de inscrición S-1284 con data 23 maio 2000, actualmente RUEPSS (Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais) co nº E-1284.
- Censo de entidades xuvenís e entidades prestadoras de servizos á xuventude co nº 50PS0071.
- Rexistro de entidades de acción voluntaria co nº O-10.
- Rexistro galego de axentes de cooperación para o desenvolvemento, sección E: outros axentes sociais e nº 000039.

Outros datos de interese

- Declarada de Utilidade Pública pola Orde INT/2958/2006, de 12 de setembro (BOE nº 232 do 28 de setembro de 2006).
- Acolida á Lei 49/2002: solicitude de opción polo réxime fiscal especial do Título II da Lei 49/2002 dende o 13/12/2006.
- Certificado do Sistema de Xestión de Calidade AENOR UNE-EN ISO 9001, Expediente ER-1033/2008.

1.2. DATOS DE CONTACTO E REDES SOCIAIS

- Rúa Alejandro Novo González, nº 1 - 15706 - Santiago de Compostela, Galicia
- Teléfono: 981 581 167
- Correo electrónico: downgalicia@downgalicia.org
- Páxina web: www.downgalicia.org
- Facebook: facebook.com/DownGalicia
- Instagram: instagram.com/downgalicia
- X: x.com/DownGalicia
- YouTube: youtube.com/DownGalicia
- Wikipedia: gl.wikipedia.org/wiki/Down_Galicia

1.3. ÓRGANOS DE GOBERNO E ESTRUTURA

Os órganos de Goberno da Federación son a Xunta Directiva e a Asemblea Xeral.


A Xunta Directiva está constituída polo Presidente, o Vicepresidente, o Secretario, o Tesoureiro e catro vocais. A composición actual da Xunta Directiva, logo da renovación de cargos ratificados pola Asemblea celebrada o 22 de setembro de 2025, é a seguinte:

- **Presidente:** Delmiro P.G. (Down Compostela)
- **Vicepresidente:** Manuel P.C. (Down Pontevedra “Xuntos”)
- **Secretario:** Elías L.F.(Down Compostela)
- **Tesoureiro:** Rafael C.E. (Down Ourense)
- **Vogal:** José M.R. (“Teima” Down Ferrol)
- **Vogal:** José Antonio V.C. (Down Lugo)
- **Vogal:** María José G.A. (Down Coruña)
- **Vogal:** Cándido G.O. (Down Vigo)

A Asemblea Xeral é o máximo órgano de Goberno e de decisión da Federación e está constituída polo Presidente ou un representante acreditado de cada unha das Asociacións (membros numerarios) e o Presidente e secretario da Xunta Directiva, que o son das reunións da Asemblea Xeral.


Por outra banda, para mellorar a operatividade das decisións de organización interna e con un carácter máis técnico, están creadas unha serie de comisións e/ou grupos de traballo: Comité de calidade, Comisión do plan estratéxico e Comisión de comunicación.

Organigrama do Movemento Down Galicia



1.4. HISTORIA

A Federación Down Galicia é unha entidade sen ánimo de lucro, creada no ano 1998, que agrupa a sete entidades específicas para a síndrome de Down da Comunidade Autónoma de Galicia, tal e como queda reflectido no seguinte mapa:



Down Galicia foi creada ante a necesidade de coordinación das distintas entidades existentes para dispoñer dun instrumento de comunicación único entre o colectivo de persoas con síndrome de Down e a contorna (administración, sociedade, empresas....). Por outra parte, aínda que a Federación non se constitúe como un centro prestador de servizos directamente ás persoas usuarias, inclúese entre as súas funcións a de exercer como un centro de apoio ás entidades membro para coordinar, elaborar e propoñer programas de actividades, realizar accións de innovación, tanto na xestión dos servizos como na súa prestación.

Dende a súa constitución, a Federación e as súas entidades membro definimos un estilo de traballo propio marcado, polo compromiso social a favor da integración e participación das persoas coa síndrome de Down e dende o ano 2005 tamén persoas con discapacidade intelectual, a través duns criterios de actuación básicos para garantir a coherencia, eficacia e éxito das actuacións. Polo tanto, o sentido principal da nosa existencia vén dado pola necesidade de establecer as medidas precisas para garantir a igualdade de oportunidades das persoas coa síndrome de Down, a través da provisión de servizos e actividades das que están desprovistas no seu entorno.

A historia da nosa Federación e entidades membro permite destacar unha serie de feitos e/ou fitos que recolleemos a continuación:

ANO	FITOS DO MOVEMENTO DOWN GALICIA
1989	Nace a Asociación para a síndrome de Down “Down Vigo”, en Vigo.
1991	Nace a Asociación para a síndrome de Down “Xuntos” en Pontevedra.
1994	Nace a Asociación para a síndrome de Down “Teima” en Ferrol.
1996	Nace a Asociación para a síndrome de Down “Down Lugo”, en Lugo.
1997	Nace a Asociación para a síndrome de Down “Down Compostela”, en Santiago.
1998	<p>Reunión de constitución e aprobación dos estatutos de Down Galicia.</p> <p>A Federación inscríbese no Rexistro de Asociacións da Consellería de Xustiza e Interior (nº: 398).</p>
2000	<p>Nace a Asociación “Down Coruña”, en A Coruña, no marco da Federación.</p> <p>A Federación inscríbese no rexistro de entidades prestadoras de servizos sociais da Consellería de Servizos Sociais nº: S-1284. Na actualidade RUEPSS (Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais) co nº; E-1284.</p> <p>Down Galicia entra a formar parte da Federación Española de Institucións para el Síndrome de Down - Down España.</p>
2001-2006	<p>Consolidación da Federación a raíz da contratación de persoal profesional (xerente) en novembro do 2001, así coma de outras persoas profesionais en anos sucesivos. A profesionalización da Federación foi clave para a súa consolidación ao permitir dar un salto cualitativo en aspectos fundamentais de organización, coordinación, captación de recursos, creación de asociacións en todas as provincias, e consolidación das existentes.</p> <p>Comezan a diversificarse e estenderse os programas e servizos de atención directa promovidos pola aparición da Federación que, ata ese momento, estaban principalmente centrados na área de atención temperá e apoio educativo.</p>
2002	Ofrécense novos programas e servizos ás persoas usuarias (ECA: Emprego Con Apoio) impulsado pola Federación.
2003	Nace a Asociación Down Ourense no marco da Federación.
2004	<p>Down Galicia intégrase como entidade membro no CERMI Galicia, en calidade de socio adherido.</p> <p>Down Galicia adquire a condición de entidade colaboradora do Servizo Público de emprego.</p>
2005-2010	Incremento notable dos recursos tecnolóxicos para optimizar a comunicación intra-Federación, das persoas profesionais, das persoas usuarias, así coma dos programas e actividades dirixidas á atención das persoas usuarias.
2005	Entran a formar parte dalgunhas entidades as primeiras persoas con Discapacidade intelectual en calidade de persoas usuarias dos programas.

ANO	FITOS DO MOVEMENTO DOWN GALICIA
2006	<p>Nace a Fundación Down Compostela, en Santiago.</p> <p>A Federación é declarada de Utilidade Pública: B.O.E. nº 23, 28 setembro de 2006, Orde INT/2958/2006.</p> <p>A Federación acóllese á Lei de Mecenado Lei 49/2002: solicitude de opción polo Réxime fiscal especial do Título II da Lei 49/2002 dende o 13/12/2006.</p>
2007	<p>Cambio de sede de Down Galicia e Down Compostela.</p>
2008	<p>Down Galicia, xunto con outras entidades de Iniciativa Social, aposta pola constitución de EAPN Galicia.</p> <p>A Federación certifícase por AENOR (ISO 9001) o servizo ECA.</p>
2009	<p>Amplíase o alcance da certificación de calidade ISO 9001 ó servizo de Educación.</p> <p>Realízase a planificación estratéxica para o período 2009/2012.</p>
2010	<p>Iníciase o deseño do novo servizo de Vida Independente</p> <p>Adhesión á EAPN Galicia; Rede Galega Contra a pobreza e a exclusión social de Galicia.</p> <p>Inicio do proceso de innovación e formación en metodoloxías de Aprendizaxe Cooperativa.</p>
2011	<p>Certifícanse por AENOR en calidade (ISO 9001) todos os servizos e procesos que realiza o Movemento Down.</p> <p>Renovación da Xunta Directiva por 4 anos.</p>
2012	<p>Iníciase a planificación estratéxica para o período 2013-2015.</p> <p>Defínese e apróbase o I Plan de Comunicación e Captación de fondos privados 2012-13.</p> <p>Iníciase a difusión e comunicación en Redes Sociais (Facebook e Twitter).</p>
2013	<p>Re-certifícase por AENOR o Sistema de Xestión de Calidade (ISO 9001) con alcance a todos os servizos e procesos que realiza o Movemento Down Galicia.</p> <p>Avánzase na planificación estratéxica 2014-2016 no programa NCG.</p> <p>Iníciase o traballo na área de Envellecemento activo, créase a Comisión de Envellecemento Activo con participación de todas as entidades Down.</p> <p>Ponse en funcionamento a nova web da Federación Down Galicia.</p>
2014	<p>Lógrase a certificación por parte da Fundación Lealtad como entidade analizada en transparencia e boas prácticas.</p> <p>Apróbase o novo Plan Estratéxico da Federación Down Galicia 2014-2016.</p> <p>Creación dos Premios Down Galicia a entregar o 21 Marzo de cada ano.</p> <p>Obtéñense os Permisos de Inicio de Actividade da Rede de Vivendas Down Galicia (5 vivendas).</p>

ANO	FITOS DO MOVEMENTO DOWN GALICIA
2015	<p>Implantación dunha nova ferramenta de xestión e control da información.</p> <p>Renovación da Xunta Directiva.</p> <p>Encontro 2015 de Persoas coa síndrome de Down e discapacidade intelectual, familias e técnicos das entidades Down.</p>
2016	<p>Organización do 2º Encontro Nacional de Mozos/as de Down España.</p> <p>Celebración do II Encontro de Directivos/as e persoal técnico das Entidades Down en Galicia.</p> <p>Creación protocolo de detección precoz de patoloxías neurodexenerativas: Protocolo ASE.</p> <p>Lanzamento Revista Down Galicia (trimestral) e do boletín interno (mensual).</p>
2017	<p>Encontro 2017 Down Galicia para persoas coa síndrome de Down e/ou discapacidade intelectual, familias e técnicos</p> <p>Participación na elaboración do Protocolo de Inclusión Educativa para persoas coa síndrome de Down.</p>
2018	<p>“Festa pola inclusión” - 20 aniversario de Down Galicia</p> <p>Publicación do “Protocolo de Inclusión Educativa para persoas coa síndrome de Down e/ou discapacidade intelectual” (colaboración coa Xunta de Galicia)</p> <p>Publicación da “Guía estilo sobre persoas coa síndrome de Down”: manual orientado a sensibilizar, positivizar e concienciar sobre a terminoloxía mais axeitada para referirse ás persoas coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais.</p> <p>Publicación das “Recomendacións de saúde para persoas adultas coa síndrome de Down”.</p>
2019	<p>Publicación do Vídeo Guía Rápida sobre a síndrome de Down.</p> <p>Encontro de directivos e técnicos do movemento Down Galicia.</p> <p>Renovación Xunta directiva.</p> <p>Nova razón social: Federación Down Galicia e novos estatutos.</p> <p>Constitución de UTE Saúde Mental Feafes Galicia- Down Galicia para a execución conxunta de proxectos de Emprego en Galicia.</p> <p>Taller de Familias “Compartindo Miradas sobre a Educación”.</p> <p>Xornada “Educación Inclusiva: Deseño universal para a aprendizaxe e boas prácticas”.</p> <p>Novo plan estratéxico 2019-2022 de Down Galicia.</p>

ANO	FITOS DO MOVEMENTO DOWN GALICIA
2020	<p>Durante o confinamento por Estado de alarma ante a alerta sanitaria pola COVID-19 non se paralizou a actividade de ningunha entidade Down de Galicia.</p> <p>Reorganización dos servizos prestados para adaptarse á realidade da pandemia con teletraballo e atención a distancia.</p> <p>Creación do espazo web “Recursos Down”, que inclúe información e recursos variados para que públicos de todas as idades, con e sen discapacidade, poidan traballar e desfrutar con distintas actividades a través dunha mesma ligazón.</p> <p>Completada a renovación de servidores novos con mais capacidade nas entidades Down para a xestión segura de datos.</p>
2021	<p>Internalización da xestión do Sistema de Xestión de Calidade dende o equipo profesional da Federación.</p> <p>Implantación dun servizo seguro de acceso remoto para o teletraballo.</p> <p>Implantación de espazos cardioprotexidos con desfibriladores (puntos DESA) nas entidades Down (agás en Down Coruña).</p> <p>Constitución da Comisión de Apoios Personalizados.</p> <p>Creación da nova páxina web downgalicia.org.</p> <p>Creación do boletín trimestral de comunicación interna entre Down Galicia e as entidades membro.</p> <p>Edición do libro “Xela celebra o seu aniversario” de Os Bolechas.</p>
2022	<p>Elaboración de Informe sobre a Avaliación de factores Psicosociais</p> <p>Elaboración de Protocolo de Actuación para a Prevención do Acoso no ámbito laboral</p> <p>Análise da contribución dos ODS da Axenda 2030 ó labor da entidade</p> <p>Constitución do Grupo de traballo de Atención médica a fin de establecer vínculos e contactos entre profesionais Down e profesionais sanitarios</p> <p>Elaboración da Guía de recursos de atención médica a persoas coa síndrome de Down</p> <p>Lanzamento do novo Punto Virtual de Educación na web de Down Galicia</p> <p>Campaña 20º Aniversario de Emprego Con Apoio</p> <p>Encontro autonómico de persoas mozas e adultas do Movemento Down Galicia</p> <p>Encontro autonómico de familias do Movemento Down Galicia</p>

ANO	FITOS DO MOVEMENTO DOWN GALICIA
2023	<p>Aprobación, presentación e difusión do 'Protocolo de prevención do acoso laboral'</p> <p>II Encontro de profesionais de Emprego Con Apoio - Envellecemento e Vida adulta</p> <p>I Encontro virtual de irmáns e irmás das entidades Down de Galicia</p> <p>Xuntanza autonómica de persoas directivas e técnicas das entidades Down de Galicia</p> <p>Avaliación do plan estratéxico 2019-2023 e inicio da análise e deseño do novo plan 2024-2028</p> <p>Participación no proxecto Erasmus+ ARISE Inclusión Educativa, con entidades de Italia e Portugal</p> <p>Convenio de colaboración coa Consellería de Política Social e Xuventude para a realización de formación práctica das persoas usuarias nos seus centros de traballo</p> <p>Actualización e rexistro da propiedade intelectual do 'Protocolo de Avaliación e Seguimento do Envellecemento das persoas coa síndrome de Down'</p> <p>Elaboración da 1ª Edición do 'Protocolo de Avaliación e Seguimento do Envellecemento das persoas con outras discapacidades intelectuais'</p>
2024	<p>III Encontro de Emprego Con Apoio, Vida Adulta e Envellecemento</p> <p>II Encontro virtual de irmás e irmáns</p> <p>Encontro autonómico de persoas mozas adultas en Lugo</p> <p>Encontro autonómico de familias do movemento Down Galicia</p> <p>Xuntanza de persoas directivas e profesionais do movemento Down en Galicia 2024</p> <p>Xornada de presentación do Protocolo de Avaliación e Seguimento do Envellecemento</p> <p>Deseño e pilotaxe dunha batería de tests dixitais de avaliación do envellecemento de persoas coa síndrome de Down e discapacidade intelectual</p> <p>Edición do material sobre bonificacións e incentivos a empresas por contratación de persoas con discapacidade</p> <p>Edición da Guía para profesionais sanitarios: "Atención sanitaria a persoas adultas coa síndrome de Down"</p> <p>Elaboración da Guía breve para profesionais sanitarios</p> <p>Elaboración do "Protocolo para a prevención e tratamento dos delitos e condutas contra a liberdade sexual e a integridade moral no traballo"</p> <p>Elaboración do Documento sobre o Modelo de Inclusión e Promoción da Autonomía Persoal das entidades Down de Galicia</p> <p>Participación no proxecto Erasmus+ ARISE Inclusión Educativa, con Italia e Portugal</p> <p>Deseño da nova páxina web de Down Galicia</p> <p>Aprobación do Plan Estratéxico 2024-2028</p> <p>Elaboración e rexistro do Plan de Igualdade da Federación</p> <p>Incorporación dunha nova orientadora laboral para a provincia de Lugo</p>

ANO	FITOS DO MOVEMENTO DOWN GALICIA
2025	<p>Elaboración dunha guía sobre o DUA e accesibilidade para o profesorado.</p> <p>Participación no proxecto Erasmus+ ARISE Inclusión Educativa, con Italia e Portugal</p> <p>Organización do Congreso “Construíndo o futuro da educación: un dereito para todos e todas”.</p> <p>Proxecto de formación teórico-práctica en dependencias da Consellería de Política Social e Igualdade.</p> <p>IV Encontro autonómico de profesionais de Emprego Con Apoio, Vida adulta e Envellecemento.</p> <p>III Encontro online de irmás e irmáns.</p> <p>Xornada de traballo de persoas directivas, técnicas e familias no Movemento Down Galicia 2025.</p>

1.5. TRABALLO EN REDE

Down Galicia forma parte doutras entidades sociais ou redes de traballo. Á súa vez, mantén colaboracións con organismos públicos para conseguir os seus obxectivos a través da sinatura de convenios, e, no seu labor, recibe apoios doutros axentes da contorna. A implicación doutros organismos e axentes expóñense nas seguintes táboas:

Entidade, rede ou plataforma	Ámbito	Sector de actuación
Down España (Federación Española de Instituciones para el Síndrome de Down)	España	Persoas coa síndrome de Down e discapacidade intelectual
Rede Nacional de Emprego Con Apoio	España	Persoas coa síndrome de Down e discapacidade intelectual
Rede Nacional de Educación	España	
Rede Nacional de Atención Temperá	España	
Rede Nacional de Vida Independente	España	
Rede Nacional de Vida adulta e envellecemento	España	
Foro de Directivos e Xerentes	España	
Grupo de Comunicación	España	
CERMI Galicia (Comité de Entidades Representantes de Persoas con Discapacidade de Galicia)	Galicia	Persoas con discapacidade
Comisión de Educación	Galicia	Persoas con discapacidade na etapa educativa
Comisión de Sanidade	Galicia	Persoas con discapacidade
Comisión da Muller	Galicia	Mulleres con discapacidade
Comisión de Emprego	Galicia	Persoas con discapacidade en idade laboral
Comisión de Accesibilidade	Galicia	Persoas con discapacidade

Entidade, rede ou plataforma	Ámbito	Sector de actuación
CERMI España (Comité de Entidades Representantes de Persoas con Discapacidade de España)	España	Persoas con discapacidade
Comisión de Inclusión Laboral	España	Persoas con discapacidade en idade laboral
Comisión de Fondos Europeos	España	Persoas con discapacidade
Comisión de Accesibilidade	España	Persoas con discapacidade
Comisión de persoas Maiores	España	Persoas maiores con discapacidade
EAPN Galicia (Rede Europea de loita contra a Pobreza e a Exclusión Social)	Galicia	Colectivos en risco de exclusión social
Grupo de Participación	Galicia	Colectivos en risco de exclusión social
Grupo de Comunicación	Galicia	
Grupo de Inclusión	Galicia	
Grupo de Emprego	Galicia	
Foro Xurídico	Galicia	
Grupo de prevención de riscos psicosociais e coidados nas entidades sociais	Galicia	
Grupo de colaboración entre Universidades e o terceiro sector de Acción Social	Galicia	
EAPN España (Rede Europea de loita contra a Pobreza e a Exclusión Social)	España	Colectivos en risco de exclusión social
Grupo de Fondos Europeos	España	Colectivos en risco de exclusión social
Grupo de Emprego	España	
Xunta de Galicia - Consellería de Emprego, Comercio e Emigración / Consellería Política Social e Igualdade	Galicia	Persoas con discapacidade
Servizo Público de Emprego de Galicia (Orientación Laboral)	Galicia	Demandantes de emprego
Rede de Técnicos de emprego de Galicia (Programas de Cooperación)	Galicia	Persoas en idade laboral
Outras entidades, redes ou plataformas	España	
Programa “Juntos Somos Capaces” da Fundación Mapfre	España	Incorporación laboral de persoas con discapacidade psíquica
Programa Incorpora La Caixa - Entidade de 2ª coroa	España	Integración laboral de colectivos en risco de exclusión social
Asociación de Lectura Fácil	España	Promoción da Lectura Fácil

Entidade, rede ou plataforma	Ámbito	Sector de actuación
REGIDEM - Rede Galega de Investigación en Demencias	Galicia	Rede de investigación de envellecemento e demencias
Rede Eusumo	Galicia	Rede de entidades de Economía Social
Clúster Saúde de Galicia	Galicia	Entidades do eido da saúde

Convenios de colaboración coas administracións públicas	Ámbito	Obxectivo
Convenio de colaboración coa Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e FP (Xunta de Galicia)	Galicia	Favorecer a atención educativa pola inclusión do alumnado coa síndrome de Down ou con discapacidade intelectual
Convenio de colaboración coa Consellería de Facenda (Xunta de Galicia)	Galicia	Realización de actividades de asesoramento e apoio na inserción laboral de persoas coa discapacidade intelectual na Administración da Comunidade Autónoma de Galicia
Convenio de colaboración coa Consellería de Sanidade (Xunta de Galicia)	Galicia	Realización de actividades de asesoramento e apoio na inserción laboral de persoas coa discapacidade intelectual no Sistema Sanitario público de Galicia
Protocolo de colaboración co Parlamento de Galicia	Galicia	Realización de actividades de asesoramento e apoio

Cartas de apoio de axentes da contorna	Sector de actuación
Carta de apoio da Cámara de Comercio de Santiago de Compostela	Inclusión sociolaboral de persoas coa síndrome de Down ou discapacidade intelectual en empresas do mercado ordinario (Proxecto Emprego Con Apoio)
Carta de apoio da Fundación Santiago Centro	Inclusión sociolaboral de persoas coa síndrome de Down ou discapacidade intelectual en empresas do mercado ordinario (Proxecto Emprego Con Apoio)
Carta de apoio do profesor D. Jesús Soldevila Pérez (Dpto. de Pedagogía da Universidade de Vic)	Inclusión educativa das persoas coa síndrome de Down ou discapacidade intelectual a través de metodoloxías de aprendizaxe cooperativa

1.6. PREMIOS E RECOÑECIMENTOS

Down Galicia e as súas entidades membro, ao longo dos anos, obtiveron diversos logros, premios e recoñecementos, entre os que destacan os que recolleamos a continuación:

Ano	Premio / Recoñecemento
2004	Premio "ONCE Galicia á Solidariedade" de integración laboral
2011	Certificación de calidade ISO 9001 con alcance a toda a organización
2012	1º Premio 5ª edición dos Premios Nacionais "Educaweb" de Orientación Académica e Profesional co proxecto "Guía de orientación académica e profesional para persoas coa síndrome de Down e/o discapacidade intelectual"
2012	1º Premio Nacional do VI Concurso "Voluntarios BBVA" co proxecto "Emprego con Apoio"
2013	3º Premio Nacional Solidario Cenor Electrodomésticos ao proxecto de Emprego con Apoio.
2014	Premio Luis Tilve "Traballo Digno" ao proxecto Emprego con apoio
2014	Beneficiaria da XI Convocatoria de Axudas Fundación Solidaridad Carrefour ao proxecto 'Aulas Interactivas para a Estimulación Cognitiva de Alumnos coa Síndrome de Down'
2014	Premio do "I Concurso de Proxectos Solidarios da Fundación Grupo Norte" ao proxecto Emprego con Apoio
2014	Premio Accésit Atresmedia ao proxecto "Unha escola para todos: Apoio á inclusión escolar do alumnado coa síndrome de Down e/ou discapacidade intelectual"
2014	Entidade analizada pola Fundación Lealtad en transparencia e boas prácticas
2015	Beneficiaria da convocatoria de axudas Fundación ONCE ó proxecto Emprego Con Apoio
2015	Beneficiaria da convocatoria de Inserción Sociolaboral de Obra Social La Caixa co proxecto Emprego Con Apoio
2015	Beneficiaria de 'Más que palabras 2015' de Fundación Repsol ao proxecto "Unha escola para tod@s: inclusión educativa do alumnado coa síndrome de Down e/ou discapacidade intelectual"
2015	Beneficiaria da convocatoria 2015 de Axudas Sociais da Fundación Iberdrola ao proxecto "Talento profesional: Emprego con apoio para persoas coa Síndrome de Down e/ou discapacidade intelectual"
2015	II Premio Mutualista Solidario da Fundación A.M.A, co proxecto "Atención temperá para nenas e nenos coa síndrome de Down"
2015	Beneficiaria do IV Proxectos Impulso do Banco Popular ao proxecto Emprego Con Apoio
2015	Premio 11º Día Solidario do Grupo CIMD, co proxecto "Unha escola para todos: Apoio á inclusión escolar de alumnos/as coa síndrome de Down e/ou discapacidade intelectual"
2015	I Premio Fundación Randstad - Categoría institucional ao proxecto "Potenciando o talento profesional: emprego con apoio"
2015	Premio ao Mellor Proxecto TIC con Beneficios Sociais 2015 ao proxecto "Aulas Interactivas para a Estimulación Cognitiva de Alumnos/as coa Síndrome de Down", AETG - AMTEGA

Ano	Premio / Recoñecemento
2015	Entidade seleccionada e participante no Desafío Solidario 2015 – Fundación Botín: melloira da Educación en España
2016	Premio na categoría xeral da V Edición de Territorios Solidarios BBVA co proxecto "Vida independente para persoas coa síndrome de Down"
2017	III Premios Redacción Médica á Sanidade de Galicia na categoría de Responsabilidade Social Sociosanitaria
2018	Premios La Caixa á Innovación Social 2017 ó proxecto "Unha escola para todos/as: Inclusión educativa de alumnos/as coa Síndrome de Down e/ou discapacidade intelectual"
2018	Recoñecemento da Fundación Mapfre á traxectoria de Down Galicia pola inclusión laboral das persoas con discapacidade intelectual
2018	Premio "Líderes en Calidade de Galicia" (Polo sistema multisai de xestión da calidade – Certificado ER-1033/2008 – Norma ISO 9001:2015)
2018	Mención honorífica a entidades de acción voluntaria de Galicia da Xunta de Galicia
2019	Premio "Cheo de Vida" outorgado polo Consello Regulador da Denominación de Orixe Protexida Queixo Tetilla ao proxecto "Atención temperá a nen@s coa Síndrome de Down"
2019	Finalista do Premio "Yotubeir@s" á Calidade Lingüística polo formato de YouTube "OrientaConsello"
2020	Finalista da IX Convocatoria de Axudas a Proxectos Inclusivos Fundación Universia e Fundación Konecta co proxecto de Emprego Con Apoio
2021	Beneficiaria na convocatoria Inserción Sociolaboral da Fundación La Caixa con Emprego Con Apoio
2021	Beneficiaria na Convocatoria de axudas a proxectos sociais da Fundación Mapfre ó proxecto Apoio e intervención no proceso de envellecemento de persoas coa síndrome de Down e discapacidade intelectual
2022	Premio Federico Mayor Zaragoza ao vídeo reivindicativo contra a violencia machista "Sen medo" desenvolto polas persoas usuarias das entidades de Down Galicia
2022	Accésit na VIII Edición do Foro Afectivo Efectivo ó proxecto "Apoio e intervención no proceso de envellecemento de persoas coa síndrome Down"
2023	Beneficiaria na Convocatoria de Axudas 2023 para Proxectos Asistenciais da Fundación Inocente, Inocente polo proxecto "Inclusión educativa de alumnado coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais"
2023	Beneficiaria na Convocatoria Inserción Sociolaboral da Fundación La Caixa polo proxecto "Emprego Con Apoio"
2023	XV Premio "Insua dos Poetas" na categoría de Acción Social
2023	Beneficiaria na convocatoria social da Fundación Iberdrola ao proxecto Emprego Con Apoio
2023	Beneficiaria da Convocatoria Xeral da Fundación ONCE 2023 polo proxecto: "Emprego Con Apoio: Talento profesional de persoas coa síndrome de Down e/ou discapacidade intelectual"

Ano	Premio / Recoñecemento
2023	Beneficiaria da Convocatoria de Axudas a proxectos sociais Súmate de Prezero Iberia S.A.U. polo proxecto: "Emprego Con Apoio: Talento profesional de persoas coa síndrome de Down e/ou discapacidade intelectual".
2024	Beneficiaria do Programa de céntimos solidarios de Eroski co proxecto "Unha escola para todos/as"
2024	Beneficiaria na convocatoria "Euros de tu nómina" do Banco Santander polo proxecto "Inclusión educativa de alumnos coa Síndrome de Down e/ou discapacidade intelectual"
2024	Premio ao "Proxecto de intervención no proceso de envellecemento de persoas coa Síndrome de Down e discapacidade intelectual" nos X Premios Mutualista Solidario da Fundación AMA
2024	Beneficiaria na convocatoria de Proxectos Sociais 2024 da Fundación Ibercaja co proxecto "Emprego Con Apoio"
2024	Beneficiaria na convocatoria de programa social 2024 da Fundación Iberdrola España polo proxecto "Emprego Con Apoio"
2024	Finalista dos IV Premios Innovación en Saúde do Servizo Galego de Saúde (SERGAS) polo "Protocolo de Avaliación e Seguimento do Envellecemento (ASE)"
2024	Premio Revelación RIES 2024 Clúster Saúde Galicia ós Protocolos de avaliación e seguimento do envellecemento das persoas coa síndrome de Down e das persoas con discapacidade intelectual
2025	Beneficiaria na IV convocatoria de Axudas a proxectos sociais "Súmate" de Prezero Iberia S.A.U. polo proxecto: "Programa autonómico de asesoramento, orientación e formación para o emprego público".
2025	Beneficiaria na convocatoria 2025 Fundación Ibercaja de Axuda á Infancia, co proxecto "Unha escola para tod@s: Apoio á inclusión educativa de persoas coa síndrome de Down e/ou discapacidade intelectual"
2025	Beneficiaria na convocatoria Xeral da Fundación ONCE 2025 polo proxecto: "Emprego Con Apoio: Talento profesional de persoas coa síndrome de Down e/ou discapacidade intelectual"
2025	Beneficiaria da convocatoria do Programa Social 2025 da Fundación Iberdrola España polo proxecto "Emprego Con apoio"
2025	Premios Sociais da Deputación de Pontevedra ao proxecto "Avaliación e seguimento do envellecemento das persoas coa síndrome de Down e discapacidade intelectual" na categoría de "Mellor proxecto ou iniciativa polo seu impacto social".

Ademais, Down Galicia expone a auditorías contables anuais contando con informes favorables. Tamén dispón de varias cartas de apoio de entidades públicas e privadas, así coma de persoas físicas relacionadas coa atención ao colectivo de persoas con discapacidade en diferentes ámbitos.

1.7. OXECTIVOS DE DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE (ODS)

Que obxectivos apoiamos?

Down Galicia e as súas entidades colaboran en 7 dos 17 Obxectivos de Desenvolvemento Sostible

OBXECTIVOS	DESCRIPCIÓN
Obxectivo 3 Saúde e benestar	Garantir unha vida sa e promover o benestar de tod@s a todas as idades
Obxectivo 4 Educación de calidade	Garantir unha educación inclusiva e equitativa de calidade e promover oportunidades de aprendizaxe permanente para tod@s
Obxectivo 5 Igualdade de xénero	Acadar a igualdade de xénero e empoderar a todas as mulleres e as nenas
Obxectivo 8 Traballo decente e crecemento económico	Promover o crecemento económico sostido, inclusivo e sostible, o emprego pleno e produtivo e o traballo decente para tod@s
Obxectivo 10 Redución das desigualdades	Reducir a desigualdade no interior dos países e entre os distintos países
Obxectivo 16 Paz, xustiza e institucións sólidas	Promover sociedades pacíficas e inclusivas, acceso á xustiza para tod@s e construír institucións eficaces, inclusivas e responsables
Obxectivo 17 Alianzas para acadar os obxectivos	Fortalecer os medios de implementación e revitalizar a Alianza Mundial para o Desenvolvemento Sostible

Que aportamos aos ODS?

• Contribución específica:



• Contribución global:



2. FINS ESTATUTARIOS

2.1. MISIÓN

A misión da Federación Down Galicia é apoiar o labor das entidades da Federación no traballo pola inclusión das persoas coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais, a través de apoios personalizados ó longo da súa vida e da súa participación nos recursos existentes para toda a poboación.

2.2. OBXECTIVOS

Para traballar en dita misión, Down Galicia sinala os seguintes obxectivos a acadar:

- a) Impulsar que as persoas coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais participen activamente nos procesos de adopción de decisións sobre políticas e programas, incluídos os que lles afectan directamente.
- b) Potenciar a constitución de Asociacións e/ou institucións que traballen para persoas coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais.
- c) Estimular as relacións entre os/as membros/as.
- d) Impulsar e potenciar os obxectivos das actividades dos/das seus/súas membros.
- e) Estudar e promover disposicións legais que garantan os dereitos das persoas coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais.
- f) Establecer os programas e accións encamiñadas a promover estudos científicos sobre a síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais.
- g) Promover e realizar campañas de información e mentalización social para difundir o coñecemento e a realidade das persoas coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais.
- h) Representar aos seus/súas membros en cuestións de interese xeral ou a petición dos mesmos.
- i) Promover proxectos de inclusión escolar, laboral, social, programas de saúde e todos aqueles que favorezan o desenvolvemento persoal e a plena inclusión das persoas coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais.
- j) Xestionar subvencións ante os Organismos competentes de carácter autonómico, nacional ou internacional (públicos ou privados) para obter recursos para o seu mantemento e o funcionamento de todos os programas e servizos que desenvolve, coordina e promove.
- k) Establecer e manter relacións de colaboración con outras Organizacións que teñan obxectivos similares.
- l) Evitar e, se fose necesario, denunciar a todas aquelas entidades ou persoas que actúen en contra dos intereses das persoas coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais.
- m) Promover intercambios e encontros entre profesionais de distintas entidades relacionadas coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais, posibilitando o coñecemento das diver-

sas experiencias que ao longo da xeografía nacional se están levando a cabo.

- n) Prestar apoio psicolóxico ás familias das persoas coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais, especialmente ás nais e pais con sobrecargas familiares.
- o) Fomentar a promoción da muller coa síndrome de Down e discapacidade intelectual en todos os ámbitos. Fomentar todas aquelas políticas de discriminación positiva que promovan a inclusión social en todos os ámbitos (escolar, familiar, social, laboral,...) das mulleres e homes coa Síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais.
- p) Promover e organizar actividades de Lecer e Tempo Libre dirixidas a xóvenes coa Síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais, que fomenten a súa participación na comunidade e polo tanto a súa inclusión social. Para tal fin, constituirá unha sección xuvenil.
- q) Promover a autonomía persoal das persoas coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais.
- r) Realizar actividades relacionadas coa formación permanente do profesorado no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.
- s) Calquera outro que, de modo directo ou indirecto, poida contribuír á realización dos fins da Federación.
- t) Impulsar e promover a autonomía e a participación social e cidadá en accións de cooperación para o desenvolvemento, así como fomentar a educación para o desenvolvemento e a sensibilización da sociedade nas realidades dos pobos máis desfavorecidos, potenciando unha ética asentada en valores humanistas, de convivencia pacífica, tolerancia e igualdade entre todas as persoas, con especial consideración a aquelas coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais.
- u) Favorecer a inclusión social das persoas coa Síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais en todas as etapas da súa vida, evitando a súa exclusión social e aumentando a súa participación no mercado de traballo, para lograr unha igualdade real de oportunidades e conseguir a súa plena inclusión en todos os ámbitos (familiar, escolar, laboral e social).
- v) Mellorar os mecanismos existentes para a defensa dos dereitos das persoas maiores coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais; proporcionar e promover accións de envellecemento activo e participación social, así como a prestación de servizos eficaces para mellorar a súa calidade de vida.
- w) Promover a autonomía e a prevención da dependencia nas persoas coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais.

2.3. PRINCIPIOS

Down Galicia asenta e lexitima as súas actividades nos seguintes principios:



Diversidade



Dignidade



Poder de decisión
e independencia



Igualdade de
oportunidades



Inclusión e
participación



Accesibilidade

2.4. VALORES

A Federación desenvolve unha conducta en sintonía cos seguintes valores:



Reivindicación



Unión



Uso dos recursos
da comunidade



Xestión
responsable



A igualdade de oportunidades debe ser efectiva en todos os ámbitos

3. NÚMERO DE SOCIOS E SOCIAS

O Movemento Down en Galicia está conformado pola Federación Down Galicia e as súas 8 entidades membro. Todas elas teñen natureza de asociación, agás a Fundación Down Compostela que ten natureza de Fundación. Actualmente, o colectivo conta con 826 socias e socios coa síndrome de Down ou outras discapacidades intelectuais.

- **Nº de persoas xurídicas asociadas:** 8 entidades membro.
- **Nº de persoas físicas asociadas ás entidades membro:** 803 persoas con discapacidade intelectual a 1 de xaneiro de 2025 e 826 persoas a 31 de decembro de 2025.
- **Nº total de socios/as:** 834 socios/as, compostas por 8 persoas xurídicas e 826 persoas físicas asociadas ás entidades membro, a 31 de decembro de 2025.

Nas entidades membro de Down Galicia os socios e socias son os beneficiarios e beneficiarias, xunto coas súas familias, das distintas actuacións xestionadas tanto desde a entidade membro coma desde a Federación. Os datos aquí reflectidos corresponden ao rexistro con data 31 de decembro de 2025.

Entidade	Socios/as
Down Galicia	826
Down Compostela	101
Down Coruña	123
'Teima' Down Ferrol	74
Down Lugo	83
Down Ourense	102
Down Pontevedra 'Xuntos'	125
Down Vigo	218

4. ACTIVIDADES, PERSOAS BENEFICIARIAS E RESULTADOS

4.1. SERVIZO PARA A PROMOCIÓN DA AUTONOMÍA PERSOAL (SEPAP)

O traballo de Down Galicia artículase como un Servizo de Promoción da Autonomía Persoal (SEPAP) para as persoas coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais. Este servizo abrangue todo o período evolutivo das persoas, polo que os programas desenvolvidos están organizados en áreas segundo as necesidades de cada unha das etapas vitais.

Na realización de toda a súa actividade, Down Galicia contempla o cumprimento da norma de aplicación vixente de Protección de Datos de Carácter Persoal, garantizando no tratamento de ditos datos persoais a absoluta confidencialidade e reserva, así como integridade dos datos que se manexan e a súa dispoñibilidade para os autorizados e autorizadas, segundo se establece no sistema de xestión de calidade onde están procedimentadas as medidas técnicas e organizativas adoptadas para garantir dita protección, confidencialidade, integridade e dispoñibilidade dos recursos afectados.

4.2. ÁREAS DE ACTUACIÓN



Dentro de cada área leváronse a cabo diferentes programas e servizos. A continuación recóllese a listaxe íntegra. Posteriormente, detállanse obxectivos, actuacións, persoas beneficiarias e resultados.

- **Área de atención temperá:** Formada por servizos dirixidos a persoas usuarias (e as súas familias) entre 0 e 6 anos que aínda non están integradas no sistema educativo.
 - Atención temperá
- **Área de inclusión educativa:** Integrada por programas dirixidos a persoas usuarias a partir de 3 anos que están dentro do sistema educativo regrado e onde os programas que a conforman teñen como principal obxectivo a súa inclusión educativa.
 - Inclusión educativa de persoas coa síndrome de Down e discapacidade intelectual
 - Proxecto Erasmus + ARISE – A moRe IncluSive Education
 - Congreso “Construíndo o futuro da educación: Un dereito para todos e todas”

- **Área de formación e emprego:** Dirixida, principalmente, ás persoas usuarias que remataron a súa etapa educativa no sistema regrado así como tamén a aquelas persoas que aínda estando no sistema educativo están na busca activa de emprego. O obxectivo principal dos programas recollidos nesta área é desenvolver as capacidades das persoas usuarias para a inserción laboral e/ou a mellora da súa empregabilidade.
 - Formación para o emprego
 - Estimulación cognitiva de persoas coa síndrome de Down e discapacidade intelectual
 - Formación universitaria para mulleres coa coa síndrome de Down e discapacidade intelectual para a mellora da súa capacitación e empregabilidade.
 - Formación das persoas coa síndrome de Down e discapacidade intelectual para ser voluntarios e voluntarias
 - Programa autonómico de itinerarios de inclusión sociolaboral de persoas coa síndrome de Down e discapacidade intelectual
 - Programa autonómico de asesoramento, orientación e formación para o emprego público.
 - Proxecto de realización de actividades de aprendizaxe e integración sociolaboral a través da formación práctica
 - Servizo público de emprego (orientación laboral)
 - Inserción laboral para persoas con discapacidade no mercado de traballo ordinario baixo a modalidade de emprego con apoio en Galicia- Licitación Inserta Empleo
 - Inclusión laboral
- **Área vida adulta e independente:** Integra aqueles programas dirixidos, principalmente, a dotar de apoio ás persoas usuarias para a súa integración social activa. Nesta área están recollidos aqueles programas dirixidos a persoas usuarias que teñen rematada a etapa educativa regrada e/ou que se atopan en etapa de adolescencia..
 - Autonomía e vida independente
 - Convivencias nas entidades das entidades Down
 - Avaliación do envellecemento das persoas coa síndrome de Down e discapacidade intelectual
 - Plataforma Web para a avaliación do envellecemento de persoas coa síndrome de Down e discapacidade intelectual – Fase 1
 - Apoio e intervención no proceso de envellecemento de persoas coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais
- **Área complementaria:** Está formada por aqueles programas que, pola súa natureza aplicable á calquera etapa evolutiva, son susceptibles de dar soporte a calquera área.
 - Ocio e Vida saudable de persoas coa síndrome de Down e discapacidade intelectual.
 - Encontros bilaterais de mozos e mozas do movemento Down Galicia

- Escapadas turísticas nas entidades Down do Norte de Galicia
- Escapadas turísticas nas entidades Down do Sur de Galicia
Financiador	Consellería de Política Social e Igualdade

Escapadas turísticas nas entidades Down do Norte de Galicia	
Obxectivo	Facilitar a inclusión das persoas coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais en actividades de lecer saudables e normalizadas, fomentando a súa participación en condicións de igualdade e respectando o medio ambiente, desenvolvendo a capacidade de autoxestionar e auto dirixir o seu tempo libre fomentando a toma de decisión e facilitando as relacións interpersoais
Actividades	<ul style="list-style-type: none"> - Planificación e calendarización das escapadas turísticas - Organización loxística das escapadas turísticas - Execución da saída - Avaliación da experiencia
Persoas destinatarias	113 persoas coa síndrome de Down e discapacidade intelectual, maiores de 18 anos (como norma xeral) e que forman parte das entidades de Down Galicia que executan o programa, emprazadas nas provincias de A Coruña e Lugo
Resultados	<ul style="list-style-type: none"> - O 100% das persoas beneficiarias do proxecto participaron ó menos en 1 das escapadas organizadas - Organizáronse un total de 12 escapadas: 7 en Santiago, 2 en A Coruña e 3 en Lugo - O 92% das actividades realizáronse no medio natural. - O 100% das actividades organizadas estiveron adaptadas - O 94% das persoas beneficiarias do proxecto amosan cambios positivos nos seus hábitos - O 89% das persoas beneficiarias melloran as súas habilidades sociais e autonomía persoal - No 100% das escapadas se estableceron vínculos e relacións de amizade - O 83% das actividades realizadas incluíron persoas con e sen discapacidade
Financiador	Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude

Escapadas turísticas nas entidades Down do Sur de Galicia	
Obxectivo	Fomentar a inclusión social , o desenvolvemento persoal e a autonomía de persoas con discapacidade intelectual e/ou Síndrome de Down a través do coñecemento da contorna e dos recursos que esta lles ofrece promovendo o aprendizaxe, o disfrute e a inclusión en contornas lúdicas ordinarias
Actividades	<ul style="list-style-type: none"> - Planificación e Formación na aula, coñecemento da comunidade - Organización lóxica da actividade - Desenvolvemento da actividade no lugar elixido- execución da saída - Avaliación da escapada turística
Persoas destinatarias	104 persoas coa síndrome de Down e discapacidade intelectual, maiores de 18 anos (como norma xeral) e que forman parte das entidades de Down Galicia que executan o programa, emprazadas nas provincias de Ourense e Pontevedra
Resultados	<ul style="list-style-type: none"> - O 100% das persoas beneficiarias do proxecto participaron ó menos en 1 das escapadas organizadas - Organizáronse un total de 6 escapadas: 1 en Ourense, 2 en Pontevedra e 3 en Vigo - 100% das actividades organizadas estiveron adaptadas a diferentes capacidades das persoas usuarias - O 100% das persoas usuarias, se beneficiaron como mínimo, dun recurso - O 100% das actividades realizáronse no medio natural - O 100% das persoas beneficiarias do proxecto amosan cambios positivos nos seus hábitos - O 100% das persoas beneficiarias melloran as súas habilidades sociais e autonomía persoal - O grao de participación e implicación das persoas usuarias nas actividades foi medio-alto - No 100% das escapadas se estableceron vínculos e relacións de amizade - O 100% das actividades se desenvolveron en contornas ordinarias - O 67% das actividades realizadas incluíron persoas con e sen discapacidade
Financiador	Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude

4.2.6 Área Transversal



A sensibilización é esencial para que a sociedade avance cara a inclusión

Apoio psicológico de persoas coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais	
Obxectivo	Fomentar o benestar da persoa coa síndrome de Down e/ou discapacidade intelectual prestando atención á saúde integral e detectar as necesidades de apoio e intervención psicolóxica que favorezan a súa calidade de vida
Actividades	<ul style="list-style-type: none"> - Reunións do equipo multidisciplinar para deseño e análise de casos e planificación das intervencións - Sesións de intervención psicolóxica - Asesoramento, elaboración de informes e apoio en trámites burocráticos - Coordinación con recursos externos
Persoas destinatarias	478 persoas coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais e as súas familias, das áreas de influencia de A Coruña, Santiago, Ferrol, Lugo, Vigo e Ourense
Resultados	<ul style="list-style-type: none"> - Deuse resposta ao 100% das persoas que demandan necesidade de apoio psicolóxico (un total de 126 persoas) - Realizáronse 888 sesións de intervención psicolóxica - Interveuse co 100% dos casos detectados en situación de vulnerabilidade bio-psico-social (cun total de 68 persoas) - O 86% de persoas usuarias que precisaron atención psicolóxica foron capaces de expresar sentimentos, medos e necesidades (411 de 478) - Foron atendidas o 100% das demandas de asesoramento, elaboración de informes e apoio en trámites burocráticos (un total de 120) - Atendeuse o 100% de demandas que chegan ó programa (un total de 114) - Realizáronse coordinación co 100% dos recursos cos que foi preciso - Realizouse coordinación con un total de 31 recursos
Financiador	Consellería de Política Social e Igualdade

Apoio a familias de persoas coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais	
Obxectivo	Mellorar a calidade de vida do núcleo familiar das persoas coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais de Down Galicia, a través de accións de información, orientación, apoio, acompañamento, formación e xornadas de cohesión
Actividades	<ul style="list-style-type: none"> - Información e orientación a pais/nais e pais/nais novos - Información e orientación a familia extensa - Información e orientación en situacións de crise - Formación a novo/as pais/nais - Escola de familias - Acollida e acompañamento no momento "1ª noticia" - Apoio en situacións de hospitalización familiar - Seguimento e avaliación do programa
Persoas destinatarias	3.276 persoas, todas elas membros da unidade familiar das 819 familias atendidas en toda Galicia, entendendo unha media de 4 persoas por unidade familiar (persoa coa síndrome de Down e/ou discapacidade intelectual e 3 membros da súa familia nuclear e/ou rede social de apoio).
Resultados	<ul style="list-style-type: none"> - Realizáronse 3776 entrevistas familiares para un total de 819 familias que se beneficiaron do programa - Fixéronse 74 intervencións en crise para un total de 33 familias - Realizáronse 117 entrevistas iniciais de acollida novas familias para un total de 90 familias que acudiron ás entidades de Down Galicia para interesarse en ser socias - Realizouse 1 única sesión en Santiago de respiro e redución de estrés, da que se beneficiaron un total de 4 familias - Atendeuse a un total de 54 familias inmigrantes - Atendeuse a un total de 65 familias en situación económica de exclusión - Realizáronse 63 grupos de familias ou de formación a familias por grupo de expertos das que se beneficiaron un total de 350 familias - Beneficiáronse un total de 11 familias (novos pais/nais) da formación organizada - Fixéronse 4 sesións de grupos de irmáns (1 en A Coruña), nos que participaron 7 familias - Fíxose a acollida e acompañamento ante a primeira noticia a 9 familias, para as que se realizaron un total de 24 entrevistas - Fixéronse 40 actuacións realizadas con un total de 17 familias en situación de hospitalización/atención sanitaria
Financiador	Consellería de Política Social e Igualdade

Encontro locais de familias	
Obxectivo	Fortalecer os vínculos entre as familias que forman parte de cada entidade Down de Galicia, fomentando a cohesión social e o apoio mutuo entre elas, a través de espazos de encontro e intercambio de carácter lúdico nos que podan compartir tempo, experiencias e inquietudes promovendo o seu benestar emocional e social
Actividades	<ul style="list-style-type: none"> - Planificación dos encontros e xuntanzas a celebrar - Deseño, organización e loxística dos encontros e xuntanzas - Difusión e información ás familias dos encontros e xuntanza - Celebración e desenvolvemento dos encontros e xuntanzas - Avaliación dos eventos organizados
Persoas destinatarias	746 persoas coa síndrome de Down e discapacidade intelectual e as súas familias que forman parte das entidades locais de A Coruña, Santiago, Lugo, Ourense, Pontevedra e Vigo
Resultados	<ul style="list-style-type: none"> - Informouse ó 100% das familias e persoas usuarias da entidade da celebración dos encontros - O 67% das familias/persoas usuarias participaron en algún dos encontros organizados polas entidades locais - Ao longo do ano realizáronse un total de 18 encontros no conxunto das entidades de Down Galicia, realizándose un mínimo de 1 encontro en cada entidade - No 100% dos encontros organizados participaron tamén profesionais da entidade - As persoas usuarias e/ou familias participaron na organización do 89% dos encontros celebrados (en 16 dos 18 celebrados) - O 11% dos encontros organizados con contido formativo (tan só en 2 dos encontros se incluíu unha parte de carácter formativa)
Financiador	Consellería de Política Social e Igualdade

Sensibilización de persoas coa síndrome de Down e discapacidade intelectual	
Obxectivo	Promover a sensibilización, divulgación, información e formación da poboación xeral en torno á realidade das persoas coa síndrome de Down ou discapacidade intelectual.
Actividades	<ul style="list-style-type: none"> - Accións e xornadas de sensibilización destinadas a distintos axentes sociais da comunidade e sociedade en xeral - Difusión de novas e información na web, redes sociais e medios de comunicación - Sensibilización do voluntariado
Persoas destinatarias	822 persoas coa síndrome de Down ou discapacidade intelectual e familiares así coma alumnado e profesorado de centros educativos, futuros profesionais das áreas Social-Educativo-Sanitaria (Ciclos Formativos, Estudos Universitarios, etc.), clubs deportivos, e resto de colectivos das áreas de influencia do Movemento Down de Galicia
Resultados	<ul style="list-style-type: none"> - Realizáronse en torno a 1251 accións de sensibilización en 137 entidades. - Calcúlanse en torno a 21238 persoas participantes nas diferentes accións de sensibilización realizadas (nas que foi posible cuantificar). - Preto do 74% das actuacións realizadas tiveron un impacto superior ós 3 puntos sobre 5 ou ven un impacto medio alto - En 201 actuacións de sensibilización realizadas participaron persoas usuarias. - Publicáronse nas webs das entidades un total de 154 noticias - Difundíronse en redes sociais/blogs un total de 1138 noticias - Remitíronse ós medios de comunicación 65 noticias - Editáronse un total de 63 materiais de carácter audiovisual - Ofreceuse sensibilización ao 71% do voluntariado que mostrou interese por colaborar na entidade (a 45 persoas dun total de 63 interesadas) - Realizáronse 55 sesións de sensibilización ao voluntariado - Un total de 61 persoas voluntarias estiveron satisfeitas
Financiador	Consellería de Política Social e Igualdade

Accesibilidade de persoas coa síndrome de Down e discapacidade intelectual	
Obxectivo	Mellorar a calidade do servizo de Promoción da Autonomía Persoal que reciben as persoas con síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais.
Actividades	<ul style="list-style-type: none"> - Definición das persoas usuarias que precisan deste servizo de transporte - Deseño das rutas de transporte - Prestación do servizo de transporte
Persoas destinatarias	23 persoas coa síndrome de Down ou discapacidade intelectual das áreas de influencia de Santiago e Lugo con necesidade de dispor dun medio de transporte para acudir ós servizos e sesións de intervención das entidades de Down Galicia e que, polo seu lugar de residencia ou necesidade de adaptación, non tiñan outra vía para poder desprazarse ás nosas entidades.
Resultados	<ul style="list-style-type: none"> - Identificadas o 100% das persoas que precisan dun servizo de transporte - Deseñadas as rutas para poder dar resposta ás persoas que o precisan - O 100% das persoas beneficiarias asistiron a sesións de intervención na entidade
Financiador	Consellería de Política Social e Igualdade

Servizo de Promoción da Autonomía Persoal (SEPAP): Proxectos de reforzo (Programas de Cooperación)	
Obxectivo	Apoiar no desenvolvemento dos programas que forman parte do Servizo de Promoción de Autonomía Persoal das entidades Down de Galicia
Actividades	<ul style="list-style-type: none"> - Reforzo en Emprego con apoio (apoiado en tarefas de emprego con apoio) e Reforzo no Servizo de promoción da autonomía persoal, en Ferrol - Reforzo en Formación e Emprego (apoiado en tarefas de formación de adultos e emprego) e Reforzo en educación en A Coruña - Reforzo no Servizo de promoción da autonomía persoal, en Santiago - Reforzo en Vida adulta (apoiado en tarefas de vida autónoma e independente), en Lugo - Reforzo en Vida adulta (apoiado en tarefas de vida autónoma e independente), en Pontevedra - Reforzo en Formación e Emprego (apoiado en tarefas de formación de adultos e emprego) e Reforzo en Vida adulta (apoiado en tarefas de vida autónoma e independente), en Vigo
Persoas destinatarias	826 persoas coa síndrome de Down e/ou discapacidade intelectual que forman parte das entidades Down en Galicia, así coma as súas familias e contorna comunitaria de maneira indirecta
Resultados	Proporcionouse ás persoas coa síndrome de Down ou discapacidade intelectual os recursos adecuados que permitan a súa participación da forma máis autónoma e independente posible na comunidade, mediante o fortalecemento dos seus recursos persoais e o adestramento da autonomía persoal
Financiador	Consellería de Emprego, Comercio e Emigración Recursos propios

Formación de persoas técnicas e voluntarias	
Obxectivo	Promover a inclusión social das persoas con síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais mediante a creación dunha rede de voluntariado activa, fomentando o empoderamento e a participación social do colectivo, ao mesmo tempo que se sensibiliza á sociedade e combátense a discriminación
Actividades	<ul style="list-style-type: none"> - Formación de persoas técnicas sobre voluntariado - Acolida das persoas voluntarias - Procedemento administrativo - Formación teórica-práctica para todas as persoas voluntarias - Acompañamento e formación continua - Actividades de voluntariado para as persoas usuarias
Persoas destinatarias	<p>53 persoas voluntarias que estiveron facendo tarefas de voluntariado nas entidades de Down Galicia emprazadas en Coruña e en Vigo</p> <p>54 persoas usuarias das entidades Down emprazadas en Coruña e en Vigo que fixeron voluntariado</p>
Resultados	<p>A entidade tivo un total de 53 persoas voluntarias no ano 2025</p> <p>Un 70% do persoal voluntario participou de xeito regular nas actividades da entidade</p> <p>O 34% das persoas voluntarias recibiron formación sobre a entidade e a síndrome de Down e discapacidade intelectual</p> <p>Un total de 40 persoas voluntarias continuarán como voluntarias na entidade</p> <p>As persoas voluntarias mostraron un grao de satisfacción alto</p> <p>Un total de 54 persoas usuarias participaron en actividades de voluntariado</p> <p>As persoas usuarias realizaron voluntariado en 2 entidades: Afaco e Banco de alimentos Rías altas</p>
Financiador	Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude

Axudas destinadas á dixitalización de empresas no marco da Axenda España Dixital 2025, o Plan de dixitalización de PEMES 2021-2025 e o Plan de recuperación, transformación e resiliencia - Financiado pola Unión Europea - Next Generation EU (Programa Kit Dixital)

Obxectivo	Impulsar a dixitalización da Federación Down Galicia e mellorar a súa competitividade e o seu nivel de madurez
Actividades	- Implantación da solución de dixitalización Community manager
Persoas destinatarias	826 persoas coa síndrome de Down e/ou discapacidade intelectual que forman parte das entidades Down en Galicia, así coma as súas familias
Resultados	<p>Solución de dixitalización Community Manager:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Cumprimento dos obxectivos marcados na estratexia (control a través de métricas do impacto das accións) - Aumento no número de seguidores das redes sociais da Federación e mellora na interacción cos mesmos
Financiador	Plan de Dixitalización PYMEs 2021-2025 e Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia de España - Financiado por la Unión Europea – Next Generation EU

Programa Kit Consulting incluído no Plan de recuperación, transformación e resiliencia - Financiado pola Unión Europea - Next Generation EU	
Obxectivo	Poñer en marcha un servizo de asesoramento en vendas dixitais así coma un servizo de asesoramento “360” en Transformación Dixital
Actividades	<ul style="list-style-type: none"> - Servizo de asesoramento en Vendas Dixitais para desenvolver unha estratexia de márketing dixital completa e adaptada ás necesidades reais da Federación Down Galicia coa que incentivar as doazóns, mellorar o posicionamento e visibilidade e atraer novas persoas doantes con campañas de publicidade dixital. - Servizo de asesoramento en Transformación Dixital 360 para identificar e adaptar un conxunto de ferramentas tecnolóxicas que respondan de forma efectiva ás necesidades reais de xestión, comunicación, coordinación e capacitación detectadas na Federación Down Galicia e as súas entidades asociadas
Persoas destinatarias	826 persoas coa síndrome de Down ou discapacidade intelectual da Comunidade Autónoma de Galicia, e as súas familias
Resultados	<p>Simplificada e mellorada e eficiencia da web</p> <p>Realizado o estudo económico de incorporar un Chatbot na web para consultas</p> <p>Estudo de posibles ferramentas para a busca de financiamento</p> <p>Aplicadas as directrices SEO na web dentro das posibilidades da entidade</p> <p>Realizados os posts en redes con unha liña ‘inspiradora’</p> <p>Aumentouse a periodicidade de vídeos segundo as demandas e necesidades das entidades e da Federación</p> <p>Aplicouse un plan mensual de redes sociais</p> <p>Promoción de posts para a captación de asistentes ó Congreso de Educación</p> <p>Categorizados os vídeos de YouTube</p> <p>Monitorización das redes sociais</p> <p>Elaboración dunha ‘Landingpage’ para o Congreso de Educación</p> <p>Valoración da creación dunha campaña con Google Ads</p>
Financiador	Plan de Dixitalización PYMEs 2021-2025 e o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia de España-Financiado por la Unión Europea – Next Generation EU

Relacións institucionais

- Apoio, reivindicación e difusión das iniciativas e necesidades das Entidades Down
- Reunións e mediación coa Administración Autonómica co fin de presentar os servizos e programas que desenvolven as entidades membros e as necesidades de financiamento que cada unha presenta
- Asegurar os niveis de calidade adecuados para a posta en marcha e funcionamento dos servizos
- Reivindicación e defensa de dereitos das persoas coa síndrome de Down e das súas familias
- Negociación de acordos de financiamento/ colaboración para a xestión de programas
- Apoio ás necesidades de financiamento, infraestrutura e recursos das entidades que forman parte do movemento Down Galicia a través dos 4 programas de IRPF:
 - Proxecto de implantación e Renovación de equipamento Informático
 - Proxecto de acondicionamiento e Mellora de Centros e Vivendas para o Servizo de Promoción e Autonomía Persoal
 - Proxecto de rehabilitación das Fachadas Este e Norte do local do Servizo de Promoción da Autonomía Persoal do local da Fundación Down Compostela
 - Proxecto de obras Menores nas entidades Down: Down Coruña e Down Ourense
- Loita pola optimización dos recursos públicos, demandando unha posta en valor e recoñecemento dos diferentes dispositivos postos ao servizo das persoas con discapacidade, que pretenden a promoción real e efectiva da Promoción de Autonomía Persoal
- Xestións relativas á estabilización dun cadro de persoal cualificado que garante a provisión de servizos especializados
- Optimización de recursos públicos e privados.
- Asegurar a alta especialización e continuidade dos servizos que se prestan
- Mantemento dos espazos cardioprotexidos con desfibriladores (puntos DESA) nos centros de traballo da Federación

Financiador: Consellería de Política Social e Igualdade



A través das relacións institucionais achéganse reivindicacións e demandas

Coordinación interasociativa, innovación e dinamización de iniciativas e metodoloxías de traballo

- Reunións que as persoas representantes da Federación mantiveron cos/coas diferentes representantes de Institucións públicas, co fin de abordar os temas máis prioritarios
- Negociación de acordos de financiamento/ colaboración para a xestión de programas
- Informar, asesorar, estruturar, coordinar e apoiar o movemento asociativo das persoas coa síndrome de Down en Galicia
- Coordinación da dirección do traballo do equipo do persoal técnico das diferentes áreas de actuación das entidades membro e asesoramento en diferentes cuestións derivadas destes
- Traballo na unificación de obxectivos, liñas de actuación, estratexias, sistemas de traballo e elaboración de documentos e materiais de uso común referidos aos programas e servizos
- Dinamización dos seguintes Grupos de Mellora de Down Galicia:
 - Grupo de mellora de Educación
 - Grupo de mellora de Emprego
 - Grupo de mellora de Vida independente
 - Grupo de mellora de Familias
 - Grupo de mellora de Administración
 - Comisión de Apoios Personalizados
 - Comisión de Envellecemento
- Actuacións desenvolvidas dentro da área de atención temperá:
 - Impulsar actuacións da área de Atención Temperá a través da coordinación con outras entidades/ redes de traballo
- Actuacións desenvolvidas dentro da área de inclusión educativa:
 - Mantemento e impulso da inclusión educativa no marco do convenio coa Consellería de Educación de intervención en centros educativos
 - Deseño das guías de Accesibilidade Cognitiva - DUA
 - Traballo conxunto coas Universidades galegas en relación ás microcredenciais
 - Participación no proxecto europeo Erasmus+ Inclusión Educativa ARISE con Italia e Portugal
 - Colaboración no deseño do proxecto Campus Inclusivos promovido pola universidade de Vigo e apoiado pola Xunta de Galicia- Formación Profesional
 - Actualización do punto virtual de educación de Down Galicia
- Actuacións desenvolvidas dentro da área de formación e emprego:
 - Accións para impulsar a inserción laboral das persoas usuarias en emprego público
 - Prospección de ECA en empresas ordinarias de ámbito autonómico e reunión monográfica do equipo profesional de ECA sobre prospección laboral
 - Mellora das posibilidades de inclusión laboral das persoas usuarias a través da mellora dos seus niveis de formación: Asesoramento e apoio ás entidades membro nos cursos e probas do CELGA e seguimento coa administración da adaptación das probas a lectura fácil, información ás entidades das accións formativas da oferta comunitaria, xestión da formación práctica nas oficinas do BBVA...

Coordinación interasociativa, innovación e dinamización de iniciativas e metodoloxías de traballo

- Impulso de actuacións da área de Emprego e formación a través da coordinación con outras entidades e redes de traballo:
 - Coordinación do Programa "Juntos Somos Capaces"
 - Licitación INSERTA Galicia para aportar persoal de apoio para os cursos que imparten
 - Licitación INSERTA Galicia por insercións laborais do programa ECA
- Actuacións desenvolvidas dentro da área de vida adulta e independente:
 - Mantemento da Rede Vivendas Down Vida Independente: Seguimento do cumprimento legal das autorizacións da Rede de Vivendas Down
 - Impulso de actuacións da área de vida adulta a través da coordinación con outras entidades/redes de traballo
 - Organización do IV Encontro Emprego Con Apoio, Vida adulta e Envellecemento
 - Reunión sobre o programa de ocio nas diferentes entidades de Down Galicia
 - Resposta as necesidade e os riscos identificados na etapa de vida adulta:
 - Xestión e organización do traballo realizado dende a comisión de apoios personalizados
 - Accións que favorezan un modelo de envellecemento:
 - Reflexión e debate sobre como afrontar o tránsito das persoas usuarias máis maiores a outros recursos, na medida que aparece o envellecemento acelerado, enfermidade Alzheimer, necesidade de máis horas de recursos, respiros-apoios no ámbito do fogar...
 - Reunións Comisión Envellecemento para seguimento aplicación Protocolo ASE e valorar accións a realizar
 - Formacións sobre o Envellecemento e síndrome de Down nos másters e colexios profesionais
 - Colaboración coa USC en investigación e análise dos datos a obter no estudo Envellecemento Down (calculadoras cambio clinicamente significativo)
 - Participación na Rede Galega de Investigación de Demencias
 - Participación nas xornadas de sensibilización-informativas do ámbito comunitario nas que teña cabida o envellecemento
 - Difusión do material de sensibilización-información: guía recursos atención sanitaria a persoas con SD, recomendacións de saúde actualizado...
 - Elaboración de plataforma de xestión de datos do Protocolo ASE e da batería de tests dixitais
 - Organización dunha formación para o grupo de traballo de Atención Médica con profesionais sanitarios do sistema de saúde
 - Reivindicación a Sanidade e ó Sergas para que revisen o seu protocolo en coherencia coa nosa guía de Recomendacións de saúde
 - Busca de financiamento, para a plataforma de xestión de datos do Protocolo ASE
 - Análise de entidades do ámbito galego de atención sociosanitaria coas que sería interesante contactar para buscar alianzas e sinerxías

Coordinación interesociativa, innovación e dinamización de iniciativas e metodoloxías de traballo

- Accións de sensibilización sobre o envellecemento prematuro das persoas coa SD e a necesidade de acceso anticipado a recursos (recursos residenciais, servizos hospitalarios...)
- Accións de sensibilización ás familias sobre a visión tan negativa que teñen sobre os recursos residenciais
- Actuacións desenvolvidas dentro da Área Transversal:
 - Actuacións de cohesión das entidades Down: Organización do Encontro Virtual irmáns/ irmas, Organización da Xuntanza presencial de persoas Directivas, Técnicas e Familias 2025 do Movemento Down Galicia
 - Incidencia a nivel político reivindicando o modelo de Promoción Autonomía Persoal e garantir a máxima captación de financiamento público do mesmo, defender os dereitos das persoas con discapacidade e asegurar a realización dos servizos necesarios nas entidades Down: Reivindicar cobertura e accesibilidade ante a falta de transporte público, Participación no Foro Discapacidade Galicia, promovido polo Colexio Notarial de Galicia e a Fundación Aequitas...
 - Xestións relativas á documentación da presenza dos Centros de Traballo de Down Galicia en todos os locais das entidades membro
 - Alianza coas entidades coas que se considera importante/interesante establecer convenios
 - Xestións no cambio de centros de traballo da Federación en Ourense e Vigo e dar apoio a entidades membro con ditos cambios
 - Análise sobre a viabilidade das Axencia Colocación
 - Mellora do sistema de cotas de prestación dos servizos aplicado nas entidades Down
 - Xestión da formación práctica dunha estudante de Traballo Social na Federación
 - Analizar as posibilidades de melloras na captación e xestión de recursos
 - Implantación de Compliance na Federación e/ou entidades membro
 - Fondos europeos: participar ante oportunidades de solicitudes de fondos Erasmus +
 - Difusión, formación-sensibilización e seguimento do Protocolo de Prevención Acoso Laboral por entidade Down
 - Seguimento, difusión e formación-sensibilización do Plan de Igualdade
 - Planificación estratéxica da entidade
 - Facer o seguimento dos indicadores do plan 2024-28

Financiador: Consellería de Política Social e Igualdade

Comunicación, información e sensibilización social

- Redacción/emisión de contidos para medios de comunicación, así como xestión e tramitación de solicitudes dos medios de comunicación sobre temas referentes á síndrome de Down e discapacidade en xeral (participación en programas de televisión, reportaxes, entrevistas, etc.)
- Seguimento en medios: 568 impactos contabilizados (sen incluír redes sociais)
- Outras tarefas de difusión, como son a recollida de documentación e elaboración de intervencións para representantes de Down Galicia en congresos, relatorios, charlas, etc.
- Apoio técnico en comunicación ás entidades membro
- Envío de notas de prensa a medios de comunicación
- Xestión da páxina web e redes sociais da entidade
- Realización de accións de sensibilización social:
 - Actuacións vinculadas ó Día Mundial da Síndrome de Down: deseño e execución do Acto celebrado a nivel autonómico na Coruña, Apoio ás entidades membro, Planificación de reportaxes, e xestións varias relativas á difusión e sensibilización
 - Creación de material audiovisual para actos ou como material de sensibilización
 - Creación de guías informativas como material de sensibilización: guía de orientación académica e profesional para persoas coa síndrome de Down ou outras discapacidades intelectuais, infografía sobre o modelo de apoios que brindan as entidades Down, guía para profesorado sobre accesibilidade na escola, folleto sobre a área de orientación laboral, etc.
 - Xestións con varios xornais galegos, emisoras de radio e cadeas de televisión para a publicación de reportaxes sobre diversos temas: inclusión social, educación, envellecemento, Día Mundial da síndrome de Down, Congreso de educación, inauguración dos novos locais de Down Ourense e Down Vigo, etc.
 - Creación dunha nova páxina web máis accesible.
 - Impartición de formación sobre a atención sanitaria das persoas coa síndrome de Down a través do ACIS
 - Asistencia a eventos públicos organizados por terceiros
 - Participación activa na difusión da Campaña da XSolidaria coordinada por EAPN Galicia e o CERMI Galicia

Comunicación, información e sensibilización social

- Plan de comunicación externa:
 - Elaboración de cartas de benvida para novos cargos da Administración Pública
 - Xestión e preparación de documentación para visitas e/ou reunións institucionais das distintas Administracións, entidades privadas e/ou personalidades de relevancia mediática
 - Actualización do protocolo argumentario para dar cohesión ás mensaxes emitidas
 - Comunicados de prensa
- Elaboración e deseño dun Plan de Acción de Comunicación para o exercicio 2025
- Redacción e adaptación de documentos en lectura fácil
- Xestión da relación coas familias socias das entidades Down: envío da memoria actividades
- Dinamización da base social da Federación: envío da memoria de actividades, información relevante, revista trimestral, etc.
- Elaboración dunha revista informativa e dun boletín informativo interno de carácter trimestral
- Elaboración dunha memoria anual visual
- Xestión de contactos para promover o apoio a varios proxectos de Down Galicia presentados a diversas convocatorias suxeitas a votación pública
- Apoio na xestión de solicitudes e xustificacións

Financiador: Consellería de Política Social e Igualdade

Captación de fondos

- Busca de oportunidades a través da procura de axudas tanto públicas coma privadas
- Análise da capacidade da entidade en relación á captación de recursos a través das diferentes convocatorias atendendo ós requisitos de participación, criterios de selección dos proxectos presentados, experiencias previas, traxectoria, fins e obxectivos dos organismos financiadores, etc.
- Coordinación coas entidades membro para analizar a mellor estratexia de presentación de solicitudes
- Definición do proxecto a presentar en función das prioridades que delimite cada convocatoria asegurando a obtención da maior puntuación posible
- Seguimento da resolución das solicitudes presentadas
- Execución dos proxectos concedidos asegurando o seu óptimo desenvolvemento e garantindo a realización das tarefas conforme ó solicitado
- Xustificación axeitada das axudas concedidas, aportando tanto memorias exhaustivas de actuacións e resultados coma a xustificación económica
- Demanda e reivindicación activa, principalmente á Administración Pública, da necesidade de financiación para poder prestar servizos de calidade
- Deseño e execución do Plan de captación do ano 2025 (integrado no Plan de Comunicación da entidade).
- Xestión da Campaña “Aquí hai espazo para tod@s” realizada en colaboración con La Voz de Galicia, con motivo do día 21 de marzo
- Deseño e adaptación de distintos informes e dossiers de presentación de Down Galicia
- Xestión da relación con doantes colaboradores da Federación
- Outras accións de captación

Financiador: Consellería de Política Social e Igualdade

Constitución, dinamización e mantemento de redes

- Participación en diferentes comisións de traballo do CERMI Galicia:
 - Comisión da Muller
 - Comisión de Sanidade
 - Comisión de Accesibilidade
 - Comisión de Educación
 - Comisión de Emprego
- Participación nos grupos de traballo de EAPN Galicia - Rede Galega Contra a Pobreza:
 - Grupo Normativo
 - Grupo de Participación
 - Grupo de Comunicación
 - Grupo de Emprego
 - Foro Xurídico
 - Grupo de colaboración entre Universidades e o terceiro sector de Acción Social
 - Grupo de traballo sobre dixitalización
 - Grupo de prevención de riscos psicosociais e coidados nas entidades sociais
- Participación en diferentes comisións de traballo do CERMI España:
 - Comisión de accesibilidade cognitiva
 - Comisión de persoas con discapacidade maiores
 - Comisión de Inclusión Laboral
 - Comisión de Fondos europeos
- Participación en diferentes comisións de traballo de EAPN España:
 - Grupo de Emprego
 - Grupo de Fondos Europeos
- Participación nas Redes de Traballo a nivel estatal de Down España:
 - Rede de Atención Temperá
 - Rede de Educación
 - Rede de Emprego Con Apoio (Down Integra)
 - Rede de Vida Independente
 - Rede de Vida adulta e envellecemento
 - Grupo de Comunicación
 - Foro de Directivos e Xerentes

Financiador: Consellería de Política Social e Igualdade

Administración e Xestión

- Tarefas derivadas do cumprimento dos requisitos e obrigas legais que afectan ás entidades sen ánimo de lucro no ámbito administrativo, contable, tributario, asociativo, laboral, da normativa de subvencións, e calquera outra que sexa de aplicación
- Comunicación coa área administrativa e de xestión das entidades de Down Galicia, a fin de garantir un traballo en rede eficaz e eficiente
- Comunicación e cooperación co resto do equipo e con terceiros/as
- Información, apoio e asesoramento ás entidades membro da Federación en cuestións de ámbito administrativo e de xestión
- Control de riscos: xestión de Seguros
- Análise e desenvolvemento técnico de novos servizos e de novos procesos que melloren a calidade do traballo desenvolvido
- Planificación e elaboración de presupostos
- Control da xestión dos gastos e da inversión
- Control dos procesos contables: financeira e analítica
- Control económico interno
- Xestión da tesouraría: previsión, cobros e pagos
- Análise e reporte da información financeira da entidade
- Organización e xestión de arquivo documental I

Financiador: Consellería de Política Social e Igualdade

Desenvolvemento tecnolóxico e comunicacións

- Soporte técnico e solución de incidencias (helpdesk) a todas as entidades membro
 - Mantemento, administración e xestión do equipamento informático de todas as entidades Down dispoñible nos 7 centros de traballo
 - Actividades de administración de sistemas:
 - Mantemento do Active Directory (usuarios/as e grupos) de Windows, xestión de permisos de usuarios e usuarias e políticas de grupo (GPO). Alta e baixa das persoas usuarias do sistema. Distribución dos permisos de accesos aos recursos compartidos en función do posto dos usuarios e usuarias
 - Realización, control e mantemento das copias de seguridade da información almacenada nos servidores das entidades
 - Actualización permanente dos sistemas operativos así como do software necesario para o traballo, tanto para optimizar as operacións que se realizan como para evitar problemas alleos (antivirus, drivers, etc.)
 - Instalación e configuración do novo hardware e software
 - Resposta ás consultas técnicas dos e das profesionais das Entidades Down, tanto por teléfono como por correo electrónico, e de ser necesario, realizando o correspondente desprazamento
 - Mantemento dun sistema de xestión integral cun software de terceiros (MNProgram)
 - Mantemento e actualización do software de contabilidade
 - Responsabilidade da seguridade das redes:
 - Monitorización e teste das seis redes para prever posibles ataques. Estudio dos logs dos routers que envía periodicamente o provedor de servizos de telefonía. Utilización de ferramentas de análise de protocolos e paquetes de rede que estudan o tráfico
 - Documentación da configuración do sistema
 - Esquema da rede da Federación. Etiquetado e inventario de equipos e análise e deseño da rede
 - Xestión das incidencias cos hostings que aloxan as páxinas web e os correos. Configuración e creación das contas de correo. Resolución de incidencias
 - Negociación cos provedores de tecnoloxía; tanto coas operadoras de telefonía, como cos hosting, provedores de software e hardware
 - Xestión técnica do servidor de correo das entidades. Resolución de incidencias cos correos corporativos
 - Actualización dos protocolos en materia de seguridade para garantir o cumprimento da norma europea de Protección de datos
 - Substitución do equipamento informático co fin de mellorar o traballo realizado desde as nosas entidades
- Actualización dos equipos instalados con Windows 10 Pro a Windows 11 Enterprise
- Actualización das políticas dos servidores (GPO) adaptándose ao Windows 11

Financiador: Consellería de Política Social e Igualdade

Apoio e formación de profesionais

- Organización de diferentes accións formativas que se contemplaron no plan de formación continua anual para o ano 2025:
 - Desconexión dixital
 - Linguaxe natural asistido
 - Sistema de Xestión de Calidade-Norma ISO 9001:2015”
 - Atención a persoas con discapacidade. Técnicas de Mobilización en Down Compostela
 - Intelixencia emocional y cohesión de equipo en Down Lugo
 - Igualdade de xénero, conciliación e corresponsabilidade
 - Violencia de xénero e violencias sexuais no traballo
 - Intelixencia emocional y cohesión de equipo en Down Vigo (Grupo 1 e grupo 2)
 - Xornada PRL: Plan de autoprotección
 - Emerxencias e evacuación
 - Máis Teams e menos correos
 - Programa A3
 - Coñecendo o movemento Down 25-26
 - Participación en diferentes accións de formación e/ou xornadas de traballo organizadas por Down España
 - Participación en outras formacións externas non organizadas dende Down Galicia e que a participación foi xestionada dende a Federación
 - II Congreso de Inclusión Educativa da Consellería de Educación
 - Congreso Internacional organizado pola SGXX
 - Curso “Síndrome de Down e Alzheimer”, organizado polo CRE Alzheimer do Imsero en Salamanca
 - Curso práctico sobre FUNDAE: Novidades 2025 y revisión del modelo de bonificación por formación
 - Programa para o desenvolvemento do liderado en persoas con responsabilidades de dirección ou coordinación en organizacións. IX Edición Encontros presenciais Outdoor
 - Programa para o fortalecemento de Equipos. VII Edición Encontros presenciais Outdoor
 - Programa para o desenvolvemento do liderado en persoas con responsabilidades de dirección ou coordinación en organizacións. IX Edición Obradoiros de contido sobre liderado
 - Programa para o fortalecemento de Equipos. VII Obradoiros Equipos
 - Excel avanzado con IA: Análise de datos intelixente
 - Información aos/ás profesionais e persoas directivas daquelas accións formativas externas que poden resultar do seu interese
 - Participación de profesionais do movemento Down como relatores ou formadores en diferentes accións de formación
- Financiadores: Consellería de Política Social e Igualdade e FUNDAE por formación bonificada

Calidade

- Planificación das tarefas asumidas dende Down Galicia
- Estabilización e mantemento do sistema de xestión de calidade implantado
- Adaptación á nova norma ISO
- Colaboración e apoio no proceso de planificación estratéxica colaborando na adecuación do despregamento á filosofía e idiosincrasia do sistema de calidade implantado
- Actuacións para a cohesión das entidades do movemento Down Galicia, así coma para mellorar situacións específicas de crise dentro dos equipos de traballo
- Actuacións para o fomento da comunicación e a cohesión das entidades e persoas profesionais que a conforman
- Recollida e análise da satisfacción de todos os grupos de interese
- Fomento de medidas para procurar o incremento da satisfacción de todos os grupos de interese
- Elaboración da memoria anual de resultados do sistema
- Formación técnica necesaria sobre o sistema de xestión de calidade ás diferentes entidades membro implicadas na implantación do mesmo
- Coordinación e execución das auditorías internas das entidades certificadas e apoio no proceso de auditoría externa
- Actuacións derivadas de propostas de avance, promovendo o avance continuo das diferentes áreas de actuación a través de xornadas, reunións e/ou grupos de mellora de compartir boas prácticas
- Supervisión e apoio para a elaboración e análise do cadro de mando integral das entidades e a propia Federación

Financiador: Consellería de Política Social e Igualdade

4.3. SATISFACCIÓN DOS SERVIZOS

4.3.1. Satisfacción das persoas usuarias

Área	Satisfacción coa aprendizaxe	Satisfacción coa actividade	Satisfacción con profesionais
Inclusión educativa	95,24%	92,06%	93,65%
Vida Adulta	98,16%	97,69%	97,22%
Formación e Emprego	98,48%	97,45%	97,99%
Transversal	97,29%	95,72%	96,51%
Complementaria	98,34%	94,48%	98,33%

Satisfacción co servizo de Orientación Laboral	
